


**P
R
O
G
R
A
M
A
S**



Optativas



2017-2018

Índice Optativas

Asignadas a 3º curso – 1ºcuadrimestre

Páx

-
- **Traballo Social con Menores..... 4**
 - **A Investigación Cualitativa en Traballo Social..... 8**
 - **Traballo Social con persoas con Discapacidade.....11**

Asignadas a 3º curso – 2ºcuadrimestre

Páx

-
- **Traballo Social e Xénero.....16**
 - **Traballo Social no ámbito da Saúde Mental.....22**
 - **Traballo Social con Maiores.....26**
 - **Traballo Social e Inclusión Social.....30**

Asignadas a 4º curso – 1ºcuadrimestre

Páx

-
- **Mediación e Xestión do Conflito en TS.....37**
 - **Servizos Sociais e Novas Tecnoloxías.....41**
 - **TS, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural.....44**
 - **Traballo Social no ámbito da Iniciativa Social.....50**

Optativas asignadas a 3º curso

1º cuatrimestre

O alumnado de 4º pode matricularse nas materias optativas asignadas a 3º

A asignación a un curso concreto repercute únicamente na elaboración dos horarios dese curso

G3171345 - Traballo Social con Menores (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2017/2018

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Elena Puñal Romarís

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer o marco normativo, estrutura e funcionamento da atención social aos menores en situación de protección e conflito social.
- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con menores para promover cambios, desenvolvementos e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para intervir con menores.
- Ser capaz de aplicar os métodos de valoración das necesidades e as opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Ser capaz de promover redes sociais para facer fronte ás necesidades.
- Ser capaz de identificar os comportamentos de risco.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crise no medio familiar, valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Coñecer e ser capaz de xestionar e avaliar as políticas e os recursos sociais existentes a nivel territorial no ámbito de menores.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención desde o Traballo Social con menores.

Contidos

- I.- Notas históricas da atención ao menor e marco conceptual
- II.- Encadre institucional e política social da atención a menores.
- III.- Marco xurídico regulador
- IV.- Atención aos menores en situación de desprotección
- V.- Menores en situación de conflito social
- VI.- A figura profesional do/a traballador/a social na intervención con menores
- VII.- Recursos sociais no ámbito de menores

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFIA BÁSICA:

- Brodzinsky, D.M., Schechter, M. e Marantz, R. (2011). *Soy adoptado. La vivencia de la adopción a lo largo de la vida*. Madrid: Grupo 5.
- Czalbowski, S. (Coord.). (2015). *Detrás de la pared. Una mirada multidisciplinar acerca de los niños, niñas y adolescentes expuestos a la violencia de género*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Dolan, P. e Brady, B. (2015). *Mentoría de menores y jóvenes. Guía práctica*. Madrid: Narcea.

Fernández Baturell, L. (2013). *Intervención con familias y atención a menores en riesgo social*. Madrid: McGraw-Hill.
Navarro, J.J. e Mestre, M. V. (2015). *El marco global de atención al menor*. Valencia: Tirant Humanidades.
Sánchez, J., Ridaura M. J. e Arias, C. (2010). *Manual de intervención para familias y menores con conductas de maltrato*. Valencia. Ed. Tirant lo Blanch.
Soriano, A. (2001). *Hablamos de maltrato infantil*. Madrid: San Pablo.

BIBLIOGRAFIA COMPLEMENTARIA:

Consejo General del Trabajo Social. (2010). *Intervención Social con Infancia y Familia*. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 90.
Consejo General del Trabajo Social. (2015). *Intervención Social con Infancia y Adolescencia*. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 107.
Cyrulnik, B. (2002). *Los patitos feos. La resiliencia: una infancia infeliz no determina la vida*. Barcelona: Gedisa.
Dirección Xeral de Familia. (2002). *Guía para a detección do maltrato infantil*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
Escudero, V. (2011). *Impacto de la violencia de género sobre niños, niñas y adolescentes. Guía de intervención*. Recuperado de http://www.meniños.org/violencia_de_gener.pdf
Escudero, V. (2011). *Adolescentes y familias en conflicto. Terapia familiar centrada en la alianza terapéutica. Manual de tratamiento*. Recuperado de <http://meniños.org/manual.pdf>
Fernández Millán, J.M., Hamido, A. e Fernández Navas, M. (2011). *Educación social y atención a la infancia*. Madrid: Ediciones Pirámide.
Galli, J. e Viero, F. (2001). *El fracaso de la adopción. Prevención y reparación*. Madrid: LDM Ediciones.
Gállego, F. (2009). *SOS...Mi chico me pega pero yo le quiero. Cómo ayudar a una chica joven que sufre malos tratos en su pareja*. Madrid: Ediciones Pirámide.
García Dieguez, N. e Noguero, V. (2007). *Infancia maltratada. Manual de intervención*. Madrid: Eos.
Hayman, S. (2010). *Mis hijos y tus hijos. Crear una nueva familia y convivir con éxito*. Madrid: Ediciones Pirámide.
Hernández, A. (2010). *Cando o semáforo está en ámbar. A escola, axente de promoción do bo trato á infancia*. A Coruña: Fundación Meniños.
Isa, F. A. (2009). *Acogimiento familiar y adopción. Un aporte interdisciplinario en materia de infancia*. Buenos Aires: Espacio Editorial.
Lázaro, I. E. e Molinero, E. (Coords.). (2009). *Adolescencia violencia escolar y bandas juveniles ¿Qué aporta el derecho?* Madrid: Tecnos.
Musito, G., Estévez, E e Jiménez, T. I. (2010). *Funcionamiento familiar, convivencia y ajuste en hijos adolescentes*. Madrid: Ediciones Cinca.
Segura, M. (2007). *Jóvenes y adultos con problemas de conducta. Desarrollo de competencias sociales*. Madrid: Narcea.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social indícase que ás competencias as que contribúe esta asignatura son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Poseer e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.

- Establecer relacións profesionais co obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

- Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais, para a promoción do cambio e a resolución de problemas nas relacións humanas.

- Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando y desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.

- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvendo dos membros e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran dito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise y síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de compromiso ético
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e o traballo persoal.

Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma y que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da asignatura realízase mediante unha avaliación continua e a realización dunha proba parcial e exame final.

Realízase unha proba escrita eliminatória da materia sobre os tres primeiros temas, no caso de non superala ou non presentarse a ela avalíase esta parte co resto da materia nas convocatorias finais de exames.

Por outra parte, se se supera a proba parcial gárdase o aprobado para as convocatorias finais do curso, pero non para cursos posteriores.

A proba escrita e exame final teñen un peso do 65% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 35%.

É necesario acadar a puntuación mínima de Apto nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA: 3,5 pts.:

- Asistencia ás clases: 1,3 pto (Clases expositivas: 0,7 e clases interactivas: 0,6)

- Tarefas prácticas: 2,2

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e pola asistencia ás clases.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua poderase conservar en cursos posteriores non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido á profesora da materia (malenas@euts.es).

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora, (ver tarefas por dispensa de asistencia na web da materia).

O alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto coa profesora, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior á 10 días naturais desde a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

Tempo de estudo e traballo persoal

- Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas

- Exercicios: 15 horas

- Lectura de textos: 10 horas

- Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

- Preparacións de exposicións e debates: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia as clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese.

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesor: Luís Manuel Rodríguez Otero

Obxectivos da materia

- Comprender a relación entre investigación, diagnóstico, avaliación e práctica do Traballo Social desde a perspectiva cualitativa.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os diferentes métodos de investigación cualitativa.
- Coñecer e ser capaz de xestionar a información cualitativa a partir dunha diversidade de fontes.
- Ser capaz de utilizar os métodos e técnicas cualitativas para a avaliación de necesidades, capacidades, oportunidades e riscos das persoas usuarias, de grupos e comunidades, incorporando no proceso a participación de persoas ou grupos interesados.

Contidos

- I. Perspectiva histórica da investigación cualitativa. A investigación cualitativa en Traballo Social.
- II. Proceso e fases da investigación cualitativa.
- III. A revisión bibliográfica.
- III. A observación.
- IV. A entrevista.
- V. O grupo de discusión.
- VI. O método biográfico.
- VII. A análise de datos cualitativos.
- VIII. Investigación-acción.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Baez, J. (2007). *Investigación cualitativa*. Madrid: ESIC.
- Balzazar, P.; González-Arratia, N. I.; Gurrola, G. M. e Moysén, A. (2013). *Investigación Cualitativa (3ª ed)*. Toluca: UAEM.
- Caparrós, N. y Raya, E. (2015). *Métodos y técnicas de investigación en trabajo social*. Madrid: Grupo 5.
- Ferreira, I.; Urrutia, G. e Alonso-Coello, P. (2011). Revisión sistemática y metaanálisis: bases conceptuales e interpretación. *Revista Española de Cardiología*, 64(8), 688–696.
- Guirao, S. J. A. (2015). Utilidad y tipos de revisión de literatura. *ENE, Revista de enfermería*, 9(2). Disponible en: <http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1988-348X2015000200002&lng=es&nrm=iso>. ISSN 1988-348X. <http://dx.doi.org/10.4321/S1988-348X2015000200002>.
- Hernández-Sampieri, R., Fernández-Collado, C. e Baptista-Lucio, P. (2003). *Metodología de la investigación*. México:

Editorial Mc Graw Hill.

Ruiz, J. I. (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Aljibe.

Tojar, J. C. (2006). *La investigación cualitativa: comprender y actuar*. Madrid: La Muralla.

Vallés, M. S. (1997). *Técnicas cualitativas de investigación social*. Madrid: Síntesis

Vasilachis, I. (Dir.). (2006). *Estrategias de investigación cualitativa*. Barcelona: Gedisa.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Barbour, R. (2014). *Los grupos de discusión en Investigación Cualitativa*. Madrid: Morata.

Flick, U. (2014). *El diseño de la Investigación Cualitativa*. Madrid: Morata.

Gibbs, G. (2013). *El análisis de datos cualitativos en Investigación Cualitativa*. Madrid: Morata.

Guasch, O. (2002). *La observación participante*. Madrid: CIS.

Kvale, S. (2011). *Las entrevistas en investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.

Olaz, A. (2008). *La entrevista en profundidad*. Oviedo: Septem.

Olaz, A. J. (2016). *La entrevista de investigación*. Madrid: Grupo 5.

Rapley, T. (2014). *Los análisis de conversación, de discurso y de documentos en Investigación Cualitativa*. Madrid: Morata.

Suárez, M. (2005). *El grupo de discusión: una herramienta para la investigación cualitativa*. Barcelona: Laertes.

Pujadas, J. J. (2002). *El método biográfico: el uso de las historias de vida en ciencias sociales*. Madrid: CIS.

Competencias

No Plan de Estudos de Grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Competencias específicas:

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de creatividade.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combinará a docencia expositiva e interactiva co traballo do alumnado fóra da aula, promovendo a aprendizaxe autónoma e significativa.

Preténdese que o alumnado participe activamente na construción do coñecemento a través do manexo da bibliografía e da resolución de casos aos que deberá aplicar destrezas de observación, análise e interpretación da información.

A través das titorías asesorarase ao alumnado no desenvolvemento das actividades propostas promovendo a autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia descansa sobre:

1) A realización dun exame acerca dos contidos teóricos impartidos, ao que corresponderá o 30% do peso na cualificación final.

O exame constará de 3 partes: una parte tipo test (con preguntas filtro), outra parte de preguntas cortas (con preguntas filtro) e unha pregunta teórica de aplicación práctica.

2) Unha avaliación continua a través da participación e a realización de traballos, cun peso do 70% na cualificación final.

O contido da avaliación continua será: (a) a lectura de textos e realización de exercicios sobre os textos (1 punto), (b) presentación grupal dun tema (1 punto) e (c) elaboración dun traballo de investigación cualitativa grupal estruturado en tres entregas e presentación (5 puntos).

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá un sistema de avaliación alternativo, que lles concretará o profesor.

Observacións:

1. A ausencia inxustificada ás clases conleva a imposibilidade de presentar os traballos correspondentes ou outros que se solicitasen como compensatorios.

2. Será necesario ter aprobados tanto o exame como a avaliación continua para superar a materia.

Sistema de recuperación:

- Recuperación do exame: na data oficialmente establecida.

- Recuperación da avaliación continua: a) proba escrita, e b) presentación dos traballos que se estipulen.

- Neste curso, as persoas que teñan superada unha parte da materia e a outra suspensa, só terán que realizar a recuperación desta última, gardándose a cualificación da parte superada.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións. 4 horas

Total: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial das clases expositivas e interactivas co traballo persoal dos estudantes. A asistencia a clase é clave para que o alumno/a poida construír o corpo teórico da asignatura.

A participación en clase é fundamental para a integración dos contidos e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase manter un contacto periódico co profesor da materia, así como levar os contidos ao día.

Recoméndase ter cursada a materia Metodoloxía de Investigación Social.

É importante que o alumnado se implique activamente dende o comezo na dinámica e funcionamento da materia para poder superala con éxito. Igualmente, recomendase unha abordaxe comprensiva e significativa da mesma para o que resulta aconsellable a asistencia regular ás clases expositivas.

G3171351 - Traballo Social con Persoas con Discapacidade (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2017/2018

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Purificación García Álvarez

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer o marco normativo de referencia da atención social ás persoas con discapacidade.
- Adquirir os principios de igualdade de oportunidades e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e ser capaz de valorar as necesidades sociais derivadas das situacións de discapacidade e a súa repercusión na vida das persoas afectadas, e formular estratexias de atención e apoios pertinentes en cada situación.
- Ser capaz de recoñecer as características dos problemas asociados á discapacidade que dan lugar a necesidades de atención e apoios sociais.
- Coñecer e ser capaz de analizar os factores de risco e protección no campo das persoas con discapacidade.
- Coñecer e ser capaz de avaliar as políticas e os recursos sociais existentes a nivel territorial no sector da discapacidade.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención desde o Traballo Social con persoas con discapacidade.
- Ser capaz de aplicar modelos e técnicas do Traballo Social na intervención con persoas con discapacidade

Contidos

- I.- Aspectos introdutorios e conceptuais
- II.- Clasificacións xerais da discapacidade
- III.- Necesidades sociais das persoas con discapacidade e factores contextuais
- IV.- Entidades, Centros, Organizacións e Asociacións destinadas a persoas con discapacidade en Galicia
- V.- Pensiões e Prestacións económicas
- VI.- Procedemento da modificación da capacidade e autotutela
- VII.- A persoa con discapacidade e a súa familia
- VIII.- Lexislacións actualizadas

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

- Alemán, C e García, M. (2013). *Bienestar Social*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Barton, L. (2008). *Superar las barreras de la discapacidad*. Madrid: Morata.
- Basoco, J. L. (2003). *Persona con discapacidad y sus necesidades: Mejora de la calidad de vida*. Siglo Cero 128, 5-17.
- Casado, D. (1991). *Panorámica de la discapacidad*. Barcelona: Intress.
- Consellería de Traballo e Benestar. (2010). *Manual de Formación para Coidadores no contorno familiar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Consellería de Traballo e Benestar. (2012). *Guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Consellería de Traballo e Benestar. (2012). *Carta de servizos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- FEAPS. (2001). *Guía de orientación para padres de personas con deficiencia mental*. FEAPS: Madrid.
- Garcés, J. e Martínez, R. (1996). *Bienestar Social y necesidades especiales*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- García de la Cruz, J.J. e Zarco, J. (2008). *La familia discapacitada*. Madrid: Fundamentos.
- Garcia, P. (2011). *Transformación en las esferas de la vida de las cuidadoras/es familiares o de su entorno de personas en situación de dependencia con grado II y III en Galicia*: Santiago de Compostela. USC.
- IMSERSO. (2000). *Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades y Minusvalías*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- IMSERSO. (2002). *II Plan de acción para las personas con discapacidad 2003-2007*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales
- IMSERSO. (2003). *I Plan Nacional de Accesibilidad 2004-2012*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- IMSERSO. (2005). *Cuidado a la Dependencia e Inmigración*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- IMSERSO. (2009). *Cuidados de las personas mayores y en situación de dependencia en los hogares españoles. Entorno familiar*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- IMSERSO. (1988). *Cuidados sustitutos. Servicio de Apoyo para las personas con discapacidad y sus familias*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- Rolland, J. (2011). *Familia, enfermedad y discapacidad: una propuesta desde la terapia sistémica*. Colombia: Universidad de la Sabana.
- Sinason, V. (1999). *Comprendiendo a tu hijo discapacitado*. Barcelona: Paidós.
- Verdugo, J. (2000). Las personas con minusvalía: de la exclusión a la normalización social. Comunicación presentada en el IX Congreso Estatal de Diplomados en Trabajo Social de Galicia. Santiago de Compostela.
- Verdugo, M.A. e Schalock, R. (Coord) (2013). *Discapacidad e inclusión*. Salamanca: Amarú Ediciones.

Competencias

Competencias Xerais:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen o Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo

Competencias Específicas:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos referentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia da intervención.
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural
- Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

Competencias Transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de compromiso ético
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A docencia expositiva ten asignadas sesións na aula, distribuídas ao longo do cuadrimestre. A súa finalidade é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva ten asignadas 9 sesións de dúas horas, distribuídas no cuadrimestre, e pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesorarase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supón un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha modalidade mixta, conformada pola avaliación continua e pola realización dunha proba liberatoria e exame final.

Realizarase unha proba escrita liberatoria de toda a materia nos últimos días do cuadrimestre, á que só poderá presentarse o alumnado que teña realizados en tempo e prazo establecido os prácticos feitos na aula. No caso de non superala ou non presentarse a ela, o alumnado será avaliado nas convocatorias finais de exames.

En ambos os dous casos, o peso das probas escritas é dun 70% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é dun 30%.

Cómpre acadar unha puntuación mínima dun 4 no exame para poder sumar a puntuación da avaliación continua. A materia será de aprobado cando se chegue a 5.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA:

Asistencia ás clases interactivas: 1 punto

Traballo grupal a concretar coa profesora: 1 punto

Elaboración de prácticos realizados nas clases interactivas: 1 punto

TOTAL: 3,0 ptos. Cómputo a valorar na cualificación final

A asistencia as clases interactivas gradúase do seguinte xeito:

- O 100% das asistencias: 1 punto

- O 90% das asistencias: 0,9 ptos

- O 80% das asistencias: 0,8 ptos

- O 70% das asistencias: 0,7 ptos

menos do 70% das asistencias non puntúan.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas pautadas, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas, coa la elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación de la xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo Centro.

O prazo e as causas polas que se pode xustificar as faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno dá USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases interactivas, e teña concedida a dispensa da asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai

que seguir, para esta compensación, acordarase entre a profesora e alumnado.

Poderán darse cambios, sempre beneficiosos para a aprendizaxe do alumnado, na avaliación continua, sempre e cando se chegue a acordos entre a profesora e o alumnado.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumnado

Estudo autónomo individual ou en grupo 50

Exercicios 15

Lectura de textos 10

Elaboración de traballos, visualización do material 20

Outras tarefas propostas 4

Total 99

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctico.

A participación nas clases interactivas é fundamentais para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundar nas parcelas de maior interese.

Optativas asignadas a 3º curso

2º cuatrimestre

O alumnado de 4º pode matricularse nas materias optativas asignadas a 3º

A asignación a un curso concreto repercute únicamente na elaboración dos horarios dese curso

G3171342 - Traballo Social e Xénero (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2017/2018

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: Lorena Añón Loureiro

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender as relacións entre a situación social das persoas e o sistema de xénero, e adquirir os valores que promoven os principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Ser capaz de identificar e avaliar as situacións e circunstancias que representan un risco e elaborar estratexias para promover cambios que eviten calquera perigo.
- Ser capaz de traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as necesidades derivadas das situacións de malos tratos.
- Coñecer e comprender as medidas de protección e integración da vítima e os seus mecanismos de defensa, así como o marco xurídico de referencia.
- Coñecer e ser capaz de xestionar e avaliar as políticas e os recursos sociais existentes a nivel territorial dende a perspectiva de xénero.
- Ser capaz de apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención desde o Traballo Social.

Contidos

Bloque I: Construción Social do Xénero e Perspectiva de Xénero

Tema 1. Socialización do xénero e desigualdades sociais

Tema 2. A introdución da perspectiva de xénero en Traballo Social: miradas e reflexións desde os movementos feministas

Bloque II: Igualdade de Oportunidades

Tema 3. Conceptos básicos en torno á igualdade

Tema 4. Políticas para a igualdade de oportunidades

Bloque III: Prevención e Intervención Social en Violencia de Xénero

Tema 5. Violencia de xénero (VG): concepto, marco xurídico e situación actual

Tema 6. Sensibilización, prevención e intervención social en violencia de xénero

Bloque IV: Traballo Social, Diversidade Sexual e articulación entre diferentes tipos de desigualdades

Tema 7. Diversidade sexual e interconexión entre diferentes tipos de desigualdades desde o traballo social.

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica

- Amador, L.V. e Monreal, M.C. (2010). *Intervención social y género*. Madrid: Narcea.
- Barea, C. (2004). *Manual para mujeres maltratadas que quieren dejar de serlo*. Barcelona: Editorial Océano.
- Czalbowski, S. (Coord.). (2015). *Detrás de la pared: Una mirada multidisciplinar acerca de los niños, niñas y adolescentes expuestos a la violencia de género*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Jacobson, N. e Gottman, J. (2001). *Hombres que agreden a sus mujeres. Cómo poner fin a las relaciones abusivas*. Barcelona: Paidós.
- López, I. (2007). *El enfoque de género en la intervención social*. Recuperado de http://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/2006_3_IS/BIBLIOTECA/MANUAL%20DE%20G%20C9NERO.PDF
- Moreno, J. L. e Triguero, L.A. (2009). *La víctima de violencia de género y su modelo de protección social*. Madrid: Ministerio de Igualdad.
- Secretaría Xeral de Igualdade. (2007). *Guía de actuación ante a violencia de xénero para as = os profesionais dos servizos sociais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Titley, G. (Ed.). (2011). *Las cuestiones de género son importantes. Manual sobre cómo abordar la violencia de género que afecta a los jóvenes*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad.
- Varela, N. (2008). *Feminismo para principiantes*. Barcelona: Ediciones B de Bolsillo.
- Walker, L. (2012). *El síndrome de la mujer maltratada*. Bilbao: Desclee de Brouwer.
- Witting, M. (2016). *El pensamiento heterosexual y otros ensayos* (3ª Ed.). Madrid: Egales.

Bibliografía complementaria

- Bianchi, G.M., González-Rábago, Y. e Piras, G. (2015). Enfrentando la transnacionalización del cuidado. Abuelas cuidadoras en un contexto de alta migración. *Revista Internacional de Estudios Migratorios*, 5 (1), 31-60.
- Beauvoir de, S. (2005). *El Segundo Sexo*. Madrid: Cátedra.
- Blas de, A. (2014). *La revolución de los cuidados. Tácticas y estrategias*. Madrid: InteRed.
- Espinosa, Y., Gómez, D. e Ochoa, K. (Ed.). (2014). *Tejiendo de otro modo. Feminismos, epistemología y apuestas descoloniales*. Popayán: Editorial Universidad del Cauca.
- Fernández Lamela, I. (2016). *As miñas fillas devolvéronme a vida*. Lugo: Concello de Lugo e Casa da Muller.
- Gállico, F. (2009). *Mi chico me pega pero yo le quiero. Guía para ayudar a una chica joven que sufre malos tratos de su pareja*. Madrid: Pirámide.
- Instituto de la mujer. (2009). *Violencia contra las mujeres*. Madrid: Ministerio de igualdad.
- Instituto de la mujer. (2008). *Guía de intervención ante la publicidad sexista*. Recuperado de <http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observigualdad/estudiosl nformes/docs/012-guia.pdf>
- Instituto de la mujer (2010). *La salud laboral de las mujeres*. Madrid: Ministerio de igualdad.
- Kleba, T. (2007). Fluxos migratórios de mulheres para o trabalho reprodutivo. A globalização da assistência. *Estudos Feministas*, 15, 805 – 821.
- Marcos, L. (Ed.). (2006). *Explotación sexual y trata de mujeres*. Madrid: Ed. Complutense.
- Martínez, L. e Corral, A.M. (2010). *La trata con fines de explotación sexual*. Madrid: Instituto de la mujer.
- Mateos, A. (2013). *Programa socioeducativo para la prevención de la violencia de género en parejas adolescentes*.

Madrid: Pirámide.

- Matud, M.P., Padilla, V. e Gutiérrez, A.B. (2005). *Mujeres maltratadas por su pareja. Guía de tratamiento psicológico*. Madrid: Minerva Ediciones.
- Miguel de, A. (2016). *Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección*. Madrid: Ediciones Cátedra.
- Moreno-Jiménez, M.P. e Ríos, M. (2012). Sin nosotras el mundo no se mueve. Mujeres inmigrantes en el contexto laboral español. *Athenea Digital*, 12 (2), 3-31.
- Oca, Lucía. (2013). *Caboverdianas en Burela (1978/2008): migración, relación de género e intervención social* (tesis doctoral). Departamento de Filosofía y Antropología Social. Universidad de Santiago de Compostela.
- Oso, L. (2008). *Migración, género y hogares transnacionales*. Recuperado de http://www.manosunidas.org/sites/default/files/laura_oso-migracion_genero_y_hogares_transnacionales_complemento.pdf
- Rodríguez Otero, L.M. (2016). *El arraigo de las violencias: la violencia intragénero*. México: Grañén Porrúa.
- Rodríguez-Shadow, M.J. (2008). Las investigaciones recientes sobre la migración laboral femenina internacional. *Ciencia Ergo Sum*, 15 (3), 326-332.
- Seoane, L. (2012). *Violencia de pareja hacia las mujeres en población adolescente y juvenil y sus implicaciones en la salud*. Recuperado de http://www.uah.es/otros/iguales/Documentos/Informe_Violencia_adolescentes.pdf
- Setién, M.L. e Silvestre, M. (Eds.). (2003). *Problemas de las mujeres, problemas de sociedad*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Simón, M.E. (2008). *Hijas de la igualdad, herederas de injusticias*. Madrid: Narcea.
- Taillefer, L. (2008). *Orígenes del feminismo: textos de los siglos XVI al XVIII*. Madrid: Narcea.
- Villar, A. (Dir.). (2010). *Mujeres y mercado laboral en España. Cuatro estudios sobre discriminación salarial y la segregación laboral*. Bilbao: Fundación BBVA.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta asignatura son as seguintes:

Competencias xerais:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Competencias específicas:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber respostar a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir

cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran dito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A proposta metodolóxica pretende conxugar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas das clases interactivas, e co traballo autónomo e a autoaprendizaxe por parte do alumnado.

As actividades presenciais expositivas co grupo completo terán como obxectivo introducir e explicar o sentido dos distintos temas da materia, clarificar os conceptos básicos, orientar a realización do traballo e estudo por parte do alumnado, relacionar os contidos e facilitar a aprendizaxe significativa.

As clases interactivas irán encamiñadas a afondar en aspectos concretos das clases teóricas e consistirán na realización de diferentes actividades a través das cales se pretende que o alumnado aprenda, entre outras cousas, a manexar diferentes fontes de información, a transferir coñecementos teóricos á práctica e a elaborar e presentar informes. A concreción das tarefas que se requirirán así como do material necesario, serán presentados ao alumnado nas correspondentes interactivas.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación de exames

A avaliación mediante exames ten un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%.

É necesario alcanzar a cualificación mínima de Apto nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua. É necesario alcanzar como mínimo o 40% (1,6 puntos) da avaliación continua para poder facer a suma coa nota do exame.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA: (4 PTOS)

- Asistencia ás clases: 1 pto. (Clases expositivas: 0,5 e clases interactivas: 0,5)

- Tarefas prácticas: 3 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificaranse as actividades previstas a realizar, as pautas e a puntuación para cada unha delas.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. No momento en que se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade con puntuación.

PERSOAS CON DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá a seguinte modalidade de avaliación:

- Exame: 60%.
- Avaliación continua: 40%.

As actividades de dispensa de asistencia colgaranse na web da EUTS (www.euts.es), no apartado da materia de Traballo Social e Xénero, en concreto, no espazo destinado á dispensa de asistencia. Neste espazo colgaranse a maiores os pautas de entrega de traballos, as puntuacións e os prazos estipulados para a entrega das tarefas. As actividades obrigatorias que se entreguen fora do prazo estipulado, terán unha penalización se a entrega se realiza nos 3 días hábiles seguintes. A partir do cuarto día a actividade non será nin avaliada, nin puntuada.

O alumnado poderá optar ao mesmo formato de exame que as persoas que se acollen á modalidade presencial, sempre e cando superasen o 40% das actividades de dispensa de asistencia (1,6 puntos). Excepcionalmente, logo de comunicación coa docente, poderase realizar un exame específico para esta modalidade, que versará sobre os contidos teóricos e prácticos relacionados con exercicios elaborados na modalidade de dispensa de asistencia.

O alumnado con dispensa de asistencia terá que contactar coa docente, por correo electrónico, telefonicamente ou presencialmente, nun prazo non superior a 10 días naturais desde a data da publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado, e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN

- A recuperación do exame realizarase na data oficialmente establecida.
- Os traballos realizados nas clases, só se poderán recuperar cando as faltas estean xustificadas mediante resolución por parte da comisión.
- As persoas que non entregasen as actividades de dispensa de asistencia nos prazos establecidos, non poderán recuperalos na primeira convocatoria. Poderán optar a presentalos na convocatoria de xullo.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Outras tarefas propostas: 4 horas

Total: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese para o alumnado.

Recoméndase a lectura da guía da materia, que se subirá á web da EUTS (www.euts.es) ao inicio do cuadrimestre.

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a del Carmen Viz Otero

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer o marco normativo, estrutura e funcionamento do sistema sanitario en relación á saúde mental.
- Ser capaz de identificar e valorar as necesidades sociais relacionadas cos problemas da saúde mental e a súa repercusión na vida das persoas afectadas, e as estratexias de atención e apoio pertinente en cada situación.
- Ser capaz de recoñecer as características dos problemas de saúde mental que dan lugar a necesidades de atención e apoios sociais.
- Coñecer e ser capaz de analizar os factores de risco, vulnerabilidade e protección no campo da saúde mental.
- Coñecer e ser capaz de aplicar e avaliar as políticas e os recursos sociais existentes no territorio.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención desde o traballo social con persoas con problemas de saúde mental.
- Ser capaz de aplicar métodos, modelos e técnicas de traballo social na intervención con persoas con problemas de saúde mental.

Contidos

- Historia da enfermidade mental.
- Nocións básicas sobre os trastornos mentais.
- Prevención en saúde mental.
- Política social e marco normativo no campo da saúde mental.
- Traballo social nos distintos dispositivos de saúde mental: unidade de agudos, unidades de saúde mental, centro de día, unidade de larga estancia, unidade de rehabilitación psicosocial.
- Traballo social e intervención desde a iniciativa social: as asociacións de familiares e enfermos mentais.

- A intervención co enfermo crónico. Redes de apoio social.

- Os grupos terapéuticos e de autoaxuda.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Gómez Lavín, C. e Zapata, R. (2000). *Psiquiatría, salud mental y trabajo social*. Pamplona: Ediciones Eunate.

Sobrino, A. e Rodríguez, A. (2008). *Intervención social en personas con enfermedades mentales graves y crónicas*. Madrid: Síntesis.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

America Psychiatric Association (2014). *DSM-5. Manual Diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Washinton: Autor.

Anderson, G., Reiss, e D., Hogarti, G. (1988). *Esquizofrenia y familia. Guía práctica para la psicoeducación*. Buenos Aires: Amorroutu.

Belloch, A., Sandín, B. e Ramos, F. (1999). *Manual de psicopatología*. Madrid: McGraw-Hill

Caplan, G. (1993). *Aspectos preventivos en salud mental*. Barcelona: Paidós.

Colom, D. e Miranda, M. (Eds.) (1998). *Organizaciones de bienestar*. Zaragoza: Mira.

Desviat, M. e Morena, A. (Eds.) (2012). *Acciones de salud mental en la comunidad*. Madrid: Asociación Española de Neuropsiquiatría.

Feixas, G. e Miró, M. T. (1993). *Aproximaciones a la psicoterapia*. Barcelona: Paidós.

García, J., A. Espino, e Lara, L. (1998). *La psiquiatría en la España de fin de siglo*. Madrid: Díaz de Santos.

Goffman, E. (1989). *Estigma. La identidad deteriorada*. Buenos Aires: Amorrortu editores.

Goffman, E. (1972). *Internados: Ensayos sobre la situación social de los enfermos mentales*. Buenos Aires: Amorrortu Editores.

Goldberg, D. e Huxley, P. (1990). *Enfermedad mental en la comunidad*. Avilés: Editorial Nieva.

Ituarte, A. (1992). *Procedimiento y proceso en Trabajo Social Clínico*. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales.

Liberman, R.P. (1993). *La rehabilitación integral del enfermo mental crónico*. Barcelona: Martínez Roca.

Martí-Tusquets, J.L. (1976). *Psiquiatría Social*. Barcelona: Herder.

Martínez Román, M. A. (1992). Los enfermos mentales crónicos como usuarios de los servicios sociales, en J. Garcés e M. A. Martínez (Coords.) *Necesidades Colectivas y Servicios Sociales* (pp. 127-146). Alicante: Diputación de Alicante.

Mateos, R. e Rodríguez, A. (1989). Estudio de epidemiología psiquiátrica na Comunidade Autónoma Galega. Col. Saúde Mental. Serie Reforma Psiquiátrica. Documentación básica, nº 9.

OMS. (1992). *Clasificación Internacional de Enfermedades. Trastornos Mentales y del Comportamiento, (10ª edición)*. Madrid: Meditor.

Rebolledo, S. (Coord.) (1997). *Rehabilitación Psiquiátrica. Rehabilitación psicosocial de personas con trastornos mentales crónicos*. Santiago de Compostela: USC.

Retolaza, A. (2009). *Trastornos mentales comunes: manual de orientación*. Madrid: Asociación Española de Neuropsiquiatría.

Rivas, F (Coord.) (2000). *La Psicosis en la comunidad*. Madrid: Asociación Española de Neuropsiquiatría.

Rodríguez, A. (Coord.) (2002). *Rehabilitación psicosocial de personas con trastornos mentales crónicos*. Madrid: Pirámide.

Rogers, C. (1994). *El proceso de convertirse en persona*. Barcelona: Paidós

Salcedo, D. (2001). *La rebelión ética. Principios de Trabajo Social en el ámbito de la salud mental*. Revista Trabajo Social y Salud, 40, 15-42.

Sobrino, A. e Rodríguez, A. (2008). *Intervención social en personas con enfermedades mentales graves y crónicas*. Madrid: Síntesis.

Watt, F. e Bennett, D. (1990). *Rehabilitación psiquiátrica. Teoría y práctica*. Buenos Aires: Limusa.

Competencias

Competencias xerais:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns

dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Competencias específicas:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver.
- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.

Competencias Transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersonais
- Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de compromiso ético
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

Impartirase docencia expositiva, interactiva y titorial de acordo ó plan de estudos vixente.

O desenvolvemento máis pormenorizado da materia recollerase na guía docente.

Sistema de avaliación

A avaliación farase a través de:

- Exame final (80%)
- Avaliación continua (20%): Asistencia e participación, 10%, presentación traballos,10%.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, estas tarefas poden compensarse coa elaboración de traballos e exercicios que sexan encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA:

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de Asistencia a Clases nas Ensinanzas Adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia poderá compensar as faltas coa realización de exercicios de análise de textos, que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.

Exercicios que corresponden á docencia interactiva: 15 horas

Lectura textos: 10 horas.

Elaboración de traballos, visualización de materia: 20 horas

Outras tarefas: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

- Seguir a materia con continuidade desde o principio de curso
- Traballar con esmero cada unha das actividades da materia
- Nos traballos colectivos, usar bibliografía complementaria de ampliación e contraste.
- Coidar a estrutura, presentación e redacción dos traballos
- Analizar no contexto próximo os servizos de saúde mental da poboación

Recomendación previa: ter cursada a materia de Traballo Social e Saúde.

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesor: Luis Manuel Rodríguez Otero

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer o marco normativo de referencia da atención social ás persoas maiores.
- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con persoas maiores para promover cambios e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para intervir con maiores.
- Ser capaz de identificar situacións sociais de risco.
- Ser capaz de aplicar os métodos de valoración das necesidades e as opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención dende o traballo social.
- Ser capaz de promover redes sociais para facer fronte a necesidades das persoas maiores.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Coñecer e ser capaz de xestionar e avaliar as políticas e os recursos sociais existentes a nivel territorial no ámbito dos maiores.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención dende o Traballo Social con persoas maiores.

Contidos

- I. As persoas maiores: perspectiva histórica e delimitación conceptual.
- II. Aspectos básicos da intervención con persoas maiores.
- III. A valoración das necesidades das persoas maiores.
- IV. Persoas en situación de dependencia.
- V. Alzheimer e outras demencias.
- VI. Envellecemento activo.
- VII. Persoas maiores vítimas de malos tratos.
- VIII. O fin da vida: morte e dó.

Bibliografía básica e complementaria

BÁSICA:

- Castañeda, P. J. (2009). *Vejez, dependencia y salud*. Madrid: Pirámide.

- Decalmer, P. e Glendenning, F. (2000). *El maltrato a las personas mayores*. Barcelona: Paidós.
- Delicado, M.V. (Coord.). (2011). *Sin respiro. Cuidadores familiares: calidad de vida, repercusión de los cuidados y apoyos recibidos*. Madrid: Talasa.
- Fernández-Ballesteros, R. (Dir.). (2001). *Gerontología Social*. Madrid: Pirámide.
- Leturia, M. e Uriarte, A. (1998). *Intervención psicosocial en gerontología. Manual práctico*. Madrid: Cáritas.
- Leturia, F.J., Yanguas, J.J., Arriola, E. e Uriarte, A. (2001). *La valoración de las personas mayores: evaluar para conocer, conocer para intervenir*. Madrid: Cáritas.
- Martín, M. (Ed.). (2003). *Trabajo Social en Gerontología*. Madrid: Síntesis.
- Martínez, T. (2011). *La atención gerontológica centrada en la persona. Guía para profesionales de centros y servicios de atención a personas mayores en situación de fragilidad o dependencia*. Vitoria: Departamento de Empleo y Asuntos sociales. Gobierno Vasco.
- Moya, A. e Barbero, J. (2005). *Malos tratos a personas mayores: Guía de actuación*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Organización Mundial de la Salud. (2002). Envejecimiento activo: un marco político. *Revista Española de Geriatria y Gerontología*, 37(S2), 74-105.
- Pérez, V., Musitu, G. e Moreno, D. (2011). Familiares cuidadores de mayores. Una ardua y silenciosa labor. Madrid: Dykinson, SL.
- Pinazo, S. e Sánchez, M. (Dir.). (2005). *Gerontología. Actualización, innovación y propuestas*. Madrid: Pearson.
- Sarasola, J.L. (2015). *Trabajo social y servicios sociales para personas mayores*. Sevilla: Universidad Pablo Olavide.
- Xunta de Galicia. (2003). *Preguntas arredor do Alzheimer*. Santiago de Compostela: Autor.

COMPLEMENTARIA :

- Belsky, J.K. (2001). *Psicología del envejecimiento*. Madrid: Paraninfo.
- Carretero, S., Garcés, J., Ródena, F. e Sanjosé, V. (2006). *La sobrecarga de las personas dependientes. Análisis y propuestas de intervención psicosocial*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Delgado, A.M., Oliver, R. e De Heredia, I.B. (2010). *Vejez, discapacidad y dependencia*. Barcelona: Bosch.
- Gálvez, J. (Coord.). (2009). *Mayores activos. Propuestas para una actividad física saludable*. Madrid: MADSL.
- García Sánchez, E. (2009). *La dependencia y los mayores*. Albacete: Altaban.
- Giró, J. (Coord.). (2009). *Envejecimiento, tiempo libre y gestión del ocio*. Logroño: Universidad de la Rioja.
- Goikoetxea, M.J., Zurbanobeaskoetxea, L., Mosquera, A. y Pablos, B. (2015). *Código ético para la atención sociosanitaria a las personas mayores*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Imsero. (2005). *Cuidados a las personas mayores en los hogares españoles. El entorno familiar*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Kane, R.A. e Kane, R.L. (1993). *Evaluación de las necesidades en los ancianos*. Barcelona: Fundación Caja Madrid.
- Paniagua, R. (2015). *La ética del cuidado y mayores: los cuidados a las personas mayores desde un horizonte ético y en la búsqueda de la calidad de vida*. Madrid: Fundación europea para el estudio y reflexión ética. Recuperado de: <http://enfermeriacomunitaria.org/web/attachments/article/1418/La%20E%CC%81tica%20del%20Cuidado%20y%20Mayores.pdf>
- Rogero-García, J. (2009). Distribución en España del cuidado formal e informal a las personas de 65 y más años en situación de dependencia. *Revista Española de Salud Pública*, 83, 393-405.

Competencias

Según o Plan de Estudos do Grao en Traballo Social, as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xerais:

- Posuir e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

Competencias específicas:

- Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguemento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A proposta metodolóxica pretende combinar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas das clases interactivas e co traballo autónomo e a autoaprendizaxe por parte do alumnado.

As actividades presenciais expositivas co grupo clase completo terán como obxectivo introducir e explicar o sentido dos distintos temas da materia, clarificar conceptos básicos, orientar a realización de traballo e estudio por parte do alumnado, relacionar os contidos e facilitar a aprendizaxe significativa.

As clases interactivas irán encamiñadas a profundizar en aspectos concretos das clases teóricas e consistirán na realización de diferentes actividades a través das cales se pretende que o alumnado aprenda, entre outras cousas, a manexar diferentes fontes de información, a transferir coñecementos teóricos á práctica, e a elaborar e presentar informes.

A concreción das tarefas que se requirirán, así como do material necesario serán presentados ao alumnado nas correspondentes interactivas.

Sistema de avaliación da aprendizaxe

A avaliación da materia inclúe:

a) Unha avaliación continua a través da asistencia, a participación e a realización de traballos nas sesións interactivas. A avaliación continua terá un peso do 50% sobre o total.

O contido da avaliación continua será: (a) a lectura de textos e realización de exercicios sobre os textos (1 punto), (b) presentación grupal dun tema (1 punto), (c) elaboración dun proxecto grupal ou individual (2 punto), (d) exposición do proxecto (0.5 puntos) e (e) asistencia (0.5 puntos).

b) A realización dun exame sobre os contidos teóricos e prácticos impartidos, ao que corresponderá o 50% do peso da calificación final. O exame será tipo test e de resposta curta.

Observacións:

1. A ausencia inxustificada ás clases interactivas conleva a imposibilidade de presentar os traballos correspondentes ás mesmas (tanto na convocatoria ordinaria como na de recuperación).
2. A nota correspondente ás ausencias inxustificadas ás sesións interactivas é irrecuperable.
3. Para poder superar a materia será imprescindible ter aprobado o exame teórico.

O alumando que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá un sistema de avaliación alternativo ao anterior. Dito sistema constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos (80%) e a realización dun traballo titorizado sobre algún/s dos temas estudados (20%).

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 24 horas

Total: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

Dado o carácter optativo da asignatura e a súa ubicación no plan de estudos, non se indican requisitos previos para a súa superación. Non obstante, é importante que o alumnado se implique activamente desde o comezo na dinámica e funcionamento da materia para poder superarla con éxito. Igualmente, recoméndase unha abordaxe comprensiva y significativa da mesma para o que resulta aconsellable a asistencia regular ás clases expositivas.

G3171349 - Traballo Social e Inclusión Social (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2017/2018

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: Lorena Añón Loureiro

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender de forma crítica os principais aspectos das desigualdades sociais, do conflito social, os mecanismos de poder, de dominación, explotación e alienación, e as perspectivas das diversas ciencias sociais sobre eses procesos e mecanismos.
- Ser capaz de avaliar o modo no que os desequilibrios e desigualdades sociais impactan nas relacións humanas e xeran situacións de necesidade diferencial, vulnerabilidade e marxinação, incorporando o respecto aos dereitos fundamentais.
- Ser capaz de aplicar mecanismos de identificación e análise dos problemas sociais, nos que intervén o Traballo Social e as formas de intervención para combatelas.
- Coñecer e ser capaz de aplicar as políticas sociais e os recursos de apoio en procesos de inclusión social.
- Ser capaz de deseñar e implementar proxectos de intervención desde o traballo social orientados á inclusión social.

Contidos

Tema I. A linguaxe crea realidades: dialogar e comprender para crear novas categorías desde o traballo social.

- I.1.- Conceptualización: relacións e diferenzas.
- I.2.- Facer visible o invisible: situacións e causas desde unha visión sistémica.
- I.3.- Mecanismos e procesos de exclusión: o risco de colectivizar.

Tema II. Políticas públicas de Inclusión Social: da análise ao debate.

- II.1.- A nivel Europeo e Estatal.
- II.2.- A nivel Autonómico.

Tema III. A intervención no ámbito da inclusión social desde o traballo social: abordaxe do estigma desde a teoría e a praxe, ferramentas e recursos.

- III.1.- O estigma.

III.2.- O abordaxe desde un enfoque de dereitos: modelos de inclusión social

III.3.- Ferramentas, técnicas e instrumentos: os equipos de inclusión e os itinerarios de inclusión activa.

Tema IV. A intervención desde o traballo social con persoas en situación de risco de exclusión social.

IV.1.- Intervención desde o traballo social con persoas sen fogar.

IV.2.- Intervención desde o traballo social con persoas de etnia xitana.

IV.3.- Intervención desde o traballo social ante situacións de desafiuzamento.

IV.4.- Intervención desde o traballo social con persoas novas en situación de vulnerabilidade.

IV.5.- Intervención desde o traballo social con outras persoas en situación de risco e/ou exclusión social.

Tema V. Boas prácticas en inclusión e cidadanía activa: modelos, intervencións e redes.

V.1.- Proxecto Inclúe: baseado en I+D+I para a inclusión social.

V.2.- Plataforma Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social.

V.3.- EAPN España, EAPN Galicia.

V.4.- Entidades que traballan pola inclusión social en Galicia: exemplos de boa praxe e alianzas.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Alemán, C. e Garcés, J. (1997). *Política Social*. Madrid: McGrawhill.

Bauman, Z. (2000). *Trabaja, consumismo y nuevos pobres*. Barcelona: Gedisa.

Beck, U. (1998). *La sociedad del riesgo: hacia una nueva modernidad*. Barcelona: Paidós.

Blanco, J; Kortajarena, N. e Romero, V. (Coords.). (2015). *Manual Inclue. Unha ferramenta para a aplicación de un novo enfoque en la atención a personas en situación de exclusión social*. Recuperado de <http://www.emaus.com/pdf/1-%20Modelo%20INCLUE.20vers%20cast..pdf>

Bremner, R.H. (1993). *Desde lo más bajo: el descubrimiento de la pobreza en Estados Unidos*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.

Castel, R. (1991). Los desafiuzados. Precariedad del Trabajo y Vulnerabilidad Relacional. *Revista Utopía*, 3, 28-35.

Castel, R. (1997). *La metamorfosis de la cuestión social. Una crónica del asalariado*. Barcelona: Paidós.

Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión. Diario Oficial de Galicia, 108, de 8 de xuño de 2016.

Esquirol, J. M. (2010). *El respeto o la mirada atenta* (3ª ed.). Barcelona: Gedisa.

Fundación FOESSA. (2014). *VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España*. Madrid: Fundación FOESSA.

Karsz, S. (2004). *La exclusión: bordeando sus fronteras. Definiciones y matices*. Barcelona: Gedisa Editorial.

Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 249, de 31 de decembro de 2013.

López-Aranguren, E. (2005). *Problemas sociales. Desigualdad, pobreza, exclusión social*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2014). *Plan Nacional de Acción para la Inclusión Social del Reino de España 2013-2016*. Recuperado de

http://www.lamoncloa.gob.es/espana/eh14/social/Documents/PlanNacionalAccionInclusionSocial_2013_2016.pdf

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2014). *Promoción de la Inclusión Social a través de los Fondos Estructurales y de la Inversión de la UE (2014-2020)*. Recuperado de

http://www.msssi.gob.es/destacados/docs/Guia_Inclusion_social_y_Fondos_estructurales.pdf

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2015). *Estrategia Nacional Integral para Personas Sin Hogar 2015-2020*. Recuperado de <http://www.msssi.gob.es/ssi/familiasInfancia/inclusionSocial/docs/ENIPSH.pdf>

Orde de 15 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social. Diario Oficial de Galicia, 33, de 15 de febreiro de 2015.

Raya, E. (2010). Aplicaciones de una herramienta para el diagnóstico y la investigación en exclusión social. *Revista de*

Trabajo Social y Acción Social, 58, 117-136.

Rubio, M.J. e Monteros, S. (2002). *La exclusión social. Teoría y práctica de la intervención*. Madrid: CSS.

Smale, G., Tuson, G. e Statham, D. (2015). *Problemas sociales y trabajo social* (2ª ed.). Madrid: Ediciones Morata.

Xunta de Galicia. (2014). *Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020*. Recuperado de

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estratexia_inclusion_social_galicia_2014_2020.pdf

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

Bauman, Z. (2011). *Trabajo, consumismo y nuevos pobres*. Barcelona: Gedisa Editorial.

Cabrera, P. J. (2005). *Nuevas tecnologías y exclusión social. Un estudio sobre las posibilidades de las TIC en la lucha contra la inclusión social en España*. Madrid: Fundación Telefónica.

EAPN ESPAÑA. (2012). *Guía metodológica sobre el proyecto de intervención social*. Recuperada de

http://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/recursos/2/1159_Ciclo_Jonas.pdf

EAPN ESPAÑA. (2012). *Guía metodológica de participación social de las personas en situación de pobreza y exclusión social*. Recuperada de http://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/recursos/2/guia_participacion.pdf

EAPN ESPAÑA. (2014). *Manual de Sensibilización ante la Exclusión Social*. Recuperado de

http://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/recursos/2/1417437063_manual_sensibilizacion.pdf

EAPN Madrid. (2013). *El Modelo Housing First, una oportunidad para la erradicación del sinhogarismo en la Comunidad de Madrid*. Madrid: Autor.

Fundación Tomillo. (2003). *Orientación Sociolaboral Basada en Itinerarios: una propuesta metodológica para la intervención con personas en riesgo de exclusión*. Madrid: Autor.

Martínez, U. e Gómez, E.J. (2006). Luces y sombras en el concepto de ciudadanía. *Documentación Social*, 140, 205-218.

Raya, E. (2006). *Indicadores de exclusión social: una aproximación al estudio aplicado de la exclusión*. Bilbao: Universidad del País Vasco.

Raya, E. e Hernández, M. (2014). *Acompañar los procesos de inclusión social: del análisis de la inclusión a la intervención social*. Recuperado de [file:///C:/Users/Usuario/AppData/Local/Temp/Dialnet-](file:///C:/Users/Usuario/AppData/Local/Temp/Dialnet-AcompararLosProcesosDeInclusionSocial-5234942-1.pdf)

[AcompararLosProcesosDeInclusionSocial-5234942-1.pdf](file:///C:/Users/Usuario/AppData/Local/Temp/Dialnet-AcompararLosProcesosDeInclusionSocial-5234942-1.pdf)

Sennett, R. (2012). *El respeto: sobre la dignidad del hombre en un mundo de desigualdad* (3ª ed.). Barcelona: Anagrama.

Subiratas, J. (2006). *Fragilidades vecinas. Narraciones biográficas de exclusión social urbana*. Barcelona: Icaria

Competencias

XENÉRICAS:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

ESPECÍFICAS:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e

recursos.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crises valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.

TRANSVERSALES:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e o traballo persoal do alumnado. Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Poderán producirse cambios na metodoloxía da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación de exames

A avaliación mediante exames ten un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%.

É necesario alcanzar a cualificación mínima de Apto/a nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua. É necesario alcanzar como mínimo o 40% (1,6 puntos) da avaliación continua para poder facer a suma coa nota do exame.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA: (4 PTOS)

- Asistencia ás clases: 1 pto. (Clases expositivas: 0,5 e clases interactivas: 0,5)
- Tarefas prácticas: 3 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificaranse as actividades previstas a realizar, as pautas e a puntuación para cada unha delas.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez que se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

PERSOAS CON DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá a seguinte modalidade de avaliación:

- Exame: 60%.
- Avaliación continua: 40%.

As actividades de dispensa de asistencia colgaranse na web da EUTS (www.euts.es), no apartado da materia de Traballo Social e Inclusión Social, en concreto, no espazo destinado á dispensa de asistencia. Neste espazo colgaranse a maiores os pautas de entrega de traballos, as puntuacións e os prazos estipulados para a entrega das tarefas. As actividades obrigatorias que se entreguen fora do prazo estipulado, terán unha penalización se a entrega se realiza nos 3 días hábiles seguintes. A partir do cuarto día a actividade non será nin avaliada, nin puntuada.

O alumnado poderá optar ao mesmo formato de exame que as persoas que se acollen á modalidade presencial, sempre e cando superasen o 40% das actividades de dispensa de asistencia (1,6 puntos). Excepcionalmente, logo de comunicación coa docente, poderase realizar un exame específico para esta modalidade, que versará sobre os contidos teóricos e sobre contidos prácticos relacionados con exercicios elaborados na modalidade de dispensa de asistencia.

O alumnado con dispensa de asistencia terá que contactar coa docente, por correo electrónico, telefonicamente ou presencialmente, nun prazo non superior a 10 días naturais desde a data da publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado, e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN

- A recuperación do exame realizarase na data oficialmente establecida.
- Os traballos realizados nas clases, só se poderán recuperar cando se teña confirmación da xustificación das faltas.
- As persoas que non entregasen as actividades de dispensa de asistencia nos prazos establecidos, non poderán recuperalos na primeira convocatoria. Poderán optar a presentalos na convocatoria de xullo.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumnado.

- Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.
- Exercicios: 15 horas.
- Lectura de textos: 10 horas.
- Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas.
- Outras tarefas propostas: 4 horas.
- TOTAL: 99 horas.

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar ao alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese para o alumnado.

Recoméndase a lectura da guía da materia, que se subirá á web da EUTS (www.euts.es) ao inicio do cuadrimestre.

Optativas asignadas a 4º curso

1º cuatrimestre

O alumnado de 3º pode matricularse nas materias optativas asignadas a 4º

A asignación a un curso concreto repercute únicamente na elaboración dos horarios dese curso

G3171441 - Mediación e Xestión do Conflito en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2017/2018

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Cuarto curso

Profesora: Lourdes Besada Agra

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con individuos, familias, grupos e comunidades para promover cambios, desenvolvementos e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Ser capaz de aplicar as estratexias de resolución de conflitos por medio da negociación e a mediación.
- Coñecer e ter adestramento nas habilidades e técnicas que permitan a xestión de conflitos a nivel interpersoal, grupal e intergrupal.
- Ser capaz de utilizar claves verbais e non verbais para guiar a mediación.
- Ser capaz de establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención e de aclarar e negociar a finalidade de tales contactos e os límites da súa implicación.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para a xestión e resolución de conflitos.

Contidos

TEMA I: A mediación como alternativa para a resolución de conflitos: Concepto e marco de referencia. Mediación e traballo social.

TEMA II: O conflito: Análise, proceso e xestión.

TEMA III: O proceso de mediación: secuencias, fases e técnicas.

TEMA IV: A figura do mediador. Rol e competencias profesionais.

TEMA V: Marco normativo da mediación.

TEMA VI: Ámbitos da mediación.

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica

Barona, S. (2011). *Mediación penal. Fundamentos, fines y régimen jurídico*. Valencia: Tirant Lo Blanch.

Bouché, J.H. e Hidalgo, F. (2009). *Mediación Familiar* (Vol. I). Madrid: Dykinson, S.L.

Bouché, J.H. e Hidalgo, F. (2010). *Mediación Familiar* (Vol. III). Madrid: Dykinson, S.L.

Cárta Española (2008). *Revista de documentación social*, 148.

Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales de Madrid. (2006). *El Trabajo Social y la Mediación. Revista Trabajo Social Hoy*.

Consejo General de Colegios Oficiales de Trabajo Social. (2013). *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 30 (101).

Cornelius, H. e Faire S. (1998). *Tú ganas yo gano. Cómo resolver conflictos creativamente*. Madrid: Gaia ediciones.

Diego de, R. e Guillén, C. (2008). *Mediación. Procesos, tácticas y técnicas*. Madrid: Pirámide.

- Diez, F. e Tapia, G. (1999). *Herramientas para Trabajar en Mediación*. Barcelona: Paidós.
- Fernández, S. (2009). *Teoría y práctica de la Mediación. La gestión alternativa de los conflictos sociales*. Murcia: Editum.
- García, F. J., Vaquer, A. V. e Gomis, C. (2010). *Intervención y mediación familiar*. Castellón de la Plana: Universitat Jaume I.
- Munduate, L. e Medina, F.J. (Coords). (2011). *Gestión del conflicto, negociación y mediación*. Madrid: Pirámide.
- Poyatos, A. (Coord.). (2003). *Mediación familiar y social en diferentes contextos*. Valencia: Nau Llibres.
